

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E A UNIVERSIDADE DE LLEIDA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS DOS ESTUDOS OFICIAIS DE GRADO E MÁSTER UNIVERSITARIO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde formalizaron o día 16 de febreiro de 2024, coa Universidade de Lleida a adenda enriba indicada.

Que con data do 13 de febreiro de 2023, foi asinado un convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, e a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e a Universidade de Lleida no que se establece a forma e condicións de cooperación entre as partes para a realización de prácticas externas dos estudos oficiais de grado e máster universitario nos centros e servizos asistenciais ou unidades administrativas que o Servizo Galego de Saúde ou a Consellería de Sanidade, no ámbito das súas competencias, poñan a disposición a tal fin.

O convenio que agora se adenda ten por obxecto establecer a forma e condicións de cooperación entra as partes, para a adecuada planificación, desenvolvemento e avaliación dos programas de prácticas externas a través dos cales o alumnado da Universidade de Lleida poida complementar a súa formación teórica con formación práctica en centros asistenciais dependentes do Servizo Galego de Saúde ou en unidades administrativas do Servizo Galego de Saúde e da Consellería de Sanidade. A presente Adenda inclúe dúas cláusulas novas, a décimo cuarta bis, e a vixésimo quinta coa finalidade de adaptalo á lexislación vixente en materia de Seguridade Social a través da cal prevese a inclusión no sistema de Seguridade Social do alumnado que realice prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación, en consonancia co disposto no texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobada polo Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro. A adenda tamén modifica a cláusula décimo quinta do convenio, relativa ao réxime de financiamento do mesmo.

Dita formación práctica ten como obxectivo o coñecemento por parte do alumnado da metodoloxía e técnicas do campo da titulación correspondente, a través do aproveitamento da experiencia da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde en áreas operativas relacionadas coa formación universitaria, promovendo o desenvolvemento profesional e o acceso ao mercado laboral dos futuros titulados e tituladas.

Mediante a sinatura da devandita addenda, a Universidade de Lleida garante o cumprimento das obrigas da Seguridade Social establecidas para as prácticas formativas non remuneradas

O resto de cláusulas do convenio que se adenda, formalizado o 13 de febreiro de 2023 permanecerán inalteradas.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

